



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ACTA Nº 9	PLENO DO CONCELLO	
DATA DA SESIÓN: 25.11.2016	CARACTER: ORDINARIA	CONVOCATORIA: PRIMEIRA
LUGAR: SALÓN DE PLENOS	HORA: 20:00 HORAS	

PRESIDE: D. ANTONIO LOMBA BAZ - ALCALDE (PSdeG - PSOE)

ASISTENTES:

D ^a . M ^a MONTSERRAT MAGALLANES ALVAREZ	PsdeG-PSOE
D. MIGUEL A. ESPAÑOL OTERO	PsdeG-PSOE
D ^a . ELENA BAZ RODRIGUEZ	PsdeG-PSOE
D. MANUEL JAVIER CRESPO GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D ^a . M ^a TERESA VICENTE BAZ	PsdeG-PSOE
D ^a . M ^a DE LA CONCEPCIÓN ORTEGA MARTINEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CASTRO MARTINEZ	PP
D. ROBERTO JOSÉ ALVAREZ CARRERO	PP
D ^a . ELENA ACEVEDO ROLÁN	PP
D. OSCAR ALONSO ALVAREZ	PP
D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE	BNG
D. XAN LOIS LOMBA ALONSO	BNG
D ^a . M ^a MERCEDES MARTINEZ VAZQUEZ	BNG
D. CELSO J. RODRIGUEZ FARIÑAS	CG
D ^a . M ^a DE FÁTIMA IGLESIAS FERREIRA	Non Adscrita

JOSE CARLOS MARTINEZ CRESPO	SECRETARIO ACCTAL.
ANA LLORCA MANEIRO	INTEVENTORA XERAL

Non asiste:

D. PAULINO RODRIGUEZ GONZALEZ	PsdeG-PSOE
-------------------------------	------------

PUNTO 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (ORDINARIA DE 30.09.2016).

O sr. Alcalde pregunta os concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta da sesión plenaria do día 30 de setembro de 2016.

A sra. Iglesias Ferreira di que no punto 1 da acta se di que se abtén “porque non estivo ausente” cando en realidade debe dicir que se abstén “porque estivo ausente”.

O sr. Rodriguez Fariñas pregunta polas grabacións dos plenos xa que non se lle entregan o que lle contesta o Alcalde que no foi posible subir as actas a páxina web e que respecto á entrega das grabacións lle di que pode pedirllas o secretario para que las entregue aportando un soporte no que poder gardalas. O sr. Rodriguez Fariñas di que na páxina tres



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

constan as súas preguntas pero non as respostas que quedaron en contestalas por escrito. Di que non vai aprobar a acta.

O sr. Alvarez Carrero di que na acta aparece na votación do punto primeiro cando en realidade non estaba presente a pesar de que se reflexa previamente que non estaba.

O sr. Alcalde di que na páxina 23, na moción do BNG falta a parte resolutiva. Engade que é conveniente resaltar que a persoa que redactou este acta non é a mesma que asistiu a sesión, xa que esta última tivo que ausentarse do seu posto de traballo coa conseguinte dificultade para redactar a acta.

Sometida a votación a **acta do 30.09.2015 coas correccións apuntadas**, foi aprobada cos **VOTOS A FAVOR**: dos Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Ortega Martínez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez, **(quince votos a favor)** e **CO VOTO EN CONTRA do Sr. Rodriguez Fariñas (un voto en contra)**.

PUNTO 2.- DAR CONTA DOS DECRETOS

2.1.- INTERVENCIÓN DA SRA. IGLESIAS FERREIRA.

Pregunta por un decreto no que se invita a catro empresas para subministrar mobiliario á Casa dos Alonso,; pregunta en concreto se non existen máis empresas da localidade ás que se poidan invitar a esta licitación.

O sr. Alcalde di que faláron con dúas empresas da localidade pero unha nin siquiera mostrou interese e a outra, aínda sendo invitada formalmente, non presentou ofertas.

A sra. Iglesias Ferreira di que hai un decreto no que se pagan desprazamentos dun concelleiro e pregunta por qué non se fan os desprazamentos no vehículo do Concello.

O sr. Alcalde di que o vehículo do Concello non está para ir a Pontevedra e a Cangas, que son os desprazamentos ós que se refire.

A sra. Iglesias Ferreira pide que se especifique o periodo no que se fan os desprazamentos.

O sr. Alcalde di que debe referirse ó primeiro semestre.

A sra. Iglesias Ferreira pregunta polos reparos ó decreto 0729/2016.

2.2.- INTERVENCIÓN DO SR. RODRIGUEZ FARIÑAS

O sr. Rodriguez Fariñas di que hai un “tocho” moi grande de reparos que son reiterativos sobre a falta de contratos en grandes subministros ou na depuradora, aínda que tamén os hai sobre contratos máis pequenos (por exemplo, en publicidade) e di que estes reparos van terminar onde terminan sempre. Pregunta sobre o subministro de material ós GES e di que vota en falta un decreto no que Alcalde acorde comprar os complementos de dito material. Por último volve a mencionar os decretos de “regalías” a algúns funcionarios municipais. Pide que se lle explique como é posible que se paguen productividades a unha persoa que ten solicitada a redución da xornada.

O sr. Alcalde di que hai os mesmos reparos que nas outras lexislaturas e que lle gustaría que non houbera ningún pero que non é posible. Di que el xa deu ordes para redactar pregos



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

para levar a cabo os contratos que sexan precisos. Di que o fiscal xa preguntou e pediu informes sobre os reparos.

O sr. Español Otero di que se entregou todo o material do que se dispuña ó GES.

A sra. Magallanes Alvarez di que debe quedar claro que neste concello non hai regalías, só se lle paga o que di a lei que hai que pagar a unha persoa por facer un traballo de superior categoría.

O sr. Rodriguez Fariñas preguntalle ó concelleiro delegado de protección civil se el andaría cun tubo ou cun silbato co que xa andivo outra persoa. Di que os membros do GES van a seguir insistindo en que se lle dote do material necesario e que el vai estar ó seu lado.

O sr. Español Otero di que só un vai a seguir insistindo e engade que con tres tubos de buceo son suficientes debido a que non todos os membros do GES teñen o curso para rescates acuáticos.

O sr. Rodriguez Fariñas di que hai un reparo de intervención por pagar ó asesor xurídico do concello por defensa xurídica do concello cando foi contratado como asesor.

O sr. Alcalde di que esa persoa foi contratada tamén para defensa xurídica para tódolos casos. Antes se contrataba a defensa xurídica caso a caso.

O sr. Rodríguez Fariñas di que a contratación do asesor xurídico é unha burla porque as persoas invitadas son as mesmas que no anterior procedemento, e que este procedemento é unha copia do último contrato.

O Sr. Alcalde lle responde que eso é falso.

O sr. Rodriguez Fariñas pregunta en qué situación vai quedar o Club de Tenis Codesal.

O sr. Alcalde di que queda na mesma situación co hotel O Molino xa que esa construción é anterior a lei de costas.

O sr. Rodriguez Fariñas pregunta por qué hai dúas indemnizacións por derribo de tan poucos cartos.

O sr. Alcalde lle responde que lle pregunte á Interventora.

2.3.- INTERVENCIÓN DO SR. BAZ VICENTE

O sr. Baz Vicente dase por enteirado.

2.4.- INTERVENCIÓN DA SRA. ORTEGA MARTINEZ

A sra. Ortega Martínez dase por enteirada pero pregunta se non se lles pode entregar copia dos decretos cada 15 días para poder ler toda a documentación. Di que noutros concellos, os concelleiros da oposición poder acceder cunha clave directamente.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

O sr. Alcalde lle di que proximamente a Deputación Provincial vai facilitar a administración electrónica a este Concello e entón resolveranse estes problemas.

2.5.- INTERVENCIÓN DO SR. ESPAÑOL OTERO.

O sr. Español Otero dase por enteirado.

PUNTO 3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DA APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 56/2016.

O Sr. Alcalde da lectura da seguinte proposta:

Vista a memoria da concelleira delegada de facenda así como o informe emitido por Intervención no expediente de transferencia de crédito 56/2016, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Tramitar o expediente administrativo de modificación de crédito 56/2016 mediante transferencia de crédito por importe de 90.178,00 euros.

Segundo.- Aprobar provisionalmente o expediente administrativo de modificación de crédito 56/2016 coa seguinte distribución:

Ap. Orzamentaria cedente *Euros a transferir*
4412 49 "Transferencias correntes ao exterior. Outro transporte viaxeiros" *90.178,00*

Ap. Orzamentarias que deben recibir o crédito cedido:

<i>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE VAN RECIBIR O CRÉDITO CEDIDO</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>IMPORTE A TRANSFERIR (€)</i>
<i>132.224</i>	<i>Seguridade e orden público. Primas de seguro</i>	<i>601,05</i>
<i>133.214</i>	<i>Ordenación del tráfico e estacionamento. Primas de seguro</i>	<i>181,48</i>
<i>133.22000</i>	<i>Ordenación del tráfico e estacionamento. Material de oficina</i>	<i>2359,5</i>
<i>133.22100</i>	<i>Ordenación del tráfico e estacionamento. Enerxía eléctrica</i>	<i>81,68</i>
<i>135.214</i>	<i>G.E.S. Mantemento e reparación de vehículos</i>	<i>134,69</i>
<i>135.22000</i>	<i>G.E.S. Material de oficina</i>	<i>11,69</i>
<i>135.22100</i>	<i>G.E.S. Enerxía eléctrica</i>	<i>478,17</i>
<i>135.22200</i>	<i>G.E.S. Teléfono</i>	<i>24,52</i>
<i>150.22000</i>	<i>Administración xeral de vivenda e urbanismo. Material de oficina</i>	<i>280,34</i>
<i>160.210</i>	<i>Alcantarillado. Mantemento e reparación de infraestructuras e bens naturais</i>	<i>29,17</i>
<i>160.214</i>	<i>Alcantarillado. Mantemento e reparación de vehículos</i>	<i>16,14</i>



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

160.22100	Alcantarillado. Enerxía eléctrica	7163,67
161.213	Abastecemento domiciliario de auga potable. Mantemento e reparación de maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe.	539,31
161.22100	Abastecemento domiciliario de auga potable. Enerxía eléctrica	4676,34
163.22700	Limpeza viaria. Traballos realizados por outras empresas de limpeza e aseo.	562,65
161.22102	Abastecemento auga potable. Suministro gas	247
163.224	Limpeza viaria. Primas de seguros	112,63
163.22111	Limpeza viaria. Suministro de repuestos de maquinaria, utillaxe e elementos de transporte	8,52
165.214	Alumeado público. Mantemento e reparación de vehículos	36,30
165.22100	Alumeado público. Enerxía eléctrica	11691,51
165.22112	Alumeado público. Suministro de material electrónico, eléctrico e de telecomunicacións	1066,47
171.210	Parques e xardíns. Mantemento e reparación de infraestructuras e bens naturais	169,62
171.212	Parques e xardíns. Mantemento e reparación de edificios e outras construcións	72,60
231.223	Asistencia social primaria. Transportes	260,15
231.22000	Asistencia social primaria. Material de oficina	119,46
231.22601	Asistencia social primaria. Atencións protocolarias	396,99
231.22699	Asistencia social primaria. Outros gastos diversos	1920
336.22602	Protección e xestión do patrimonio Histórico-Artístico. Publicidade e propaganda	174,24
341.48	Promoción e fomento do deporte. Transferencia a familias e institucións sen ánimo de lucro	2409
341.22000	Promoción e fomento do deporte. Material de oficina	314,38
432.223	Información e promoción turística. Transportes	174,24
432.22602	Información e promoción turística. Publicidade e propaganda	41,14
491.22112	Sociedade da información. Suministro de material electrónico, eléctrico e de telecomunicacións	145,20
912.22112	Organos de goberno. Suministro de material electrónico, eléctrico e de telecomunicacións	2,60
920.22000	Administración xeral. Material de oficina	813,01
931.22000	Política económica e fiscal. Material de oficina	1013,17
933.22111	Xestión do patrimonio. Suministro de repuestos de maquinaria, utillaxe e elementos de transporte	302,02
934.22000	Xestión da deuda e tesourería. Material de oficina	63,85
1531.210	Acceso a núcleos de poboación. Mantemento e reparación de infraestructuras e bens naturais	23,73



CONCELLO
A GUARDA

(PONTEVEDRA)

1532.210	<i>Pavimentación de vías públicas. Mantemento e reparación de infraestructuras e bens naturais</i>	687,18
1532.214	<i>Pavimentación de vías públicas. Mantemento e reparación de vehículos</i>	818,15
1532.224	<i>Pavimentación de vías públicas. Primas de seguros</i>	257,46
1621.214	<i>Recollida de residuos. Mantemento e reparación de vehículos</i>	664,23
1622.22100	<i>Xestión de residuos sólidos urbanos. Enerxía eléctrica</i>	241,83
1721.22104	<i>Praias. Vestiario</i>	266,08
1721.22106	<i>Praias. Productos farmacéuticos e material sanitario</i>	503,18
1721.22111	<i>Praias. Suministro de repuestos de maquinaria, utillaxe e elementos de transporte</i>	186,34
1721.22112	<i>Praias. Suministro de material electrónico, eléctrico e de telecomunicacións</i>	4,99
1721.22602	<i>Praias. Publicidade e propaganda</i>	42,35
9231.22000	<i>Xestión do Padrón Municipal de Habitantes. Material de oficina</i>	32,82
15100.22110	<i>Albergue Municipal. Productos de limpeza e aseo</i>	28,49
16000.22100	<i>Depuradora. Enerxía eléctrica</i>	6881,78
23100.22104	<i>Educ. Familiar, aux activa e anf. Básica-Asistencia social primaria Deputación. Vestiario</i>	30,03
23100.22106	<i>Educ. Familiar, aux activa e anf. Básica-Asistencia social primaria Deputación. Productos farmacéuticos e material sanitario</i>	115,20
23100.22799	<i>Educ. Familiar, aux activa e anf. Básica-Asistencia social primaria Deputación. Outros traballos realizados por empresas e profesionais</i>	6102,80
23101.212	<i>CIM. Mantemento e reparación de edificios e outras construcións</i>	37,40
23101.22100	<i>CIM. Enerxía eléctrica</i>	176,09
23101.22200	<i>CIM. Teléfono</i>	25,65
23101.22601	<i>CIM. Atencións protocolarias</i>	101,10
23101.22706	<i>CIM. Traballos e estudos técnicos</i>	1920
23102.22106	<i>Traballadores sociais e dependencia. Asistencia social primaria Xunta. Productos farmacéuticos e material sanitario</i>	283,80
23102.22200	<i>Traballadores sociais e dependencia. Asistencia social primaria Xunta. Teléfono</i>	26,26
23102.22799	<i>Traballadores sociais e dependencia. Asistencia social primaria Xunta. Outros traballos realizados por empresas e profesionais</i>	29217,42
23104.224	<i>Gamela adaptada. Primas de seguros</i>	119,33
24100.22100	<i>Casa de oficios. Enerxía eléctrica</i>	246,68
24100.22200	<i>Casa de oficios. Teléfono</i>	48,30



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

24101.22104	Socorristas. Vestiario	376
24101.22110	Socorristas. Productos de limpeza e aseo	4,25
24101.22200	Socorristas. Teléfono	40
24103.22104	Risga. Vestiario	649,92
24106.22112	Rede Cemit. Suministro de material electrónico, eléctrico e de telecomunicacións	125,01
33401.22000	Feira do Libro. Material de oficina	25,07
33402.22000	Omix. Material de oficina	137,78
34201.22100	Campo de fútbol. Enerxía eléctrica	241,83
43205.22110	Albergue Municipal.. Productos de limpeza e aseo	18,92

Na tramitación do expediente administrativo de modificación de crédito 56/2016 seguiranse as normas establecidas nos artigos 179 e 180 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, nos artigos 40, 41, e 42 do Real Decreto 500/90, e na base de execución 9ª do orzamento do Concello da Guarda para o ano 2016.

O expediente administrativo de modificación de crédito 56/2016 quedará aprobado definitivamente sen necesidade de novo acordo plenario se no período de exposición ao público de aquel non foran presentadas reclamacións.

DEBATE

A sra. Magallanes Alvarez explica que normalmente a competencia para facer estas transferencias é do Alcalde pero neste caso é competencia do Pleno porque se trata de partidas de gasto totalmente distintas.

A sra. Iglesias Ferreira di que as modificacións de crédito son habituais neste concello. Quere que quede constancia que na Comisión de Asuntos Económicos se chegou o acordo de que se lle comunicaría a cantidade que queda pendente de liquidar en relación ó Ferri e que se lle facilitaría o convenio que está a redactar coa Camara Municipal de Caminha tamén sobre o Ferri.

O sr. Rodriguez Fariñas di que lle parece ben que unha parte da transferencia vaia ós servizos sociais, pero hai outras transferencias sobre reparación de vehículos e alumeadado público.

A sra. Montserrat Magallanes di que no informe de intervención xa queda claro que se atende a prelación de facturas por entrada no rexistro. Principalmente aténdese ós servizos sociais.

O Alcalde di que saltar a prelación de facturas conleva un reparo e os reparos xa se sabe onde acaban.

O sr. Baz Vicente di que hai que pagar os servizos que se realizaron pero que os orzamentos non son responsabilidade do BNG e non comparten esta forma de traballar. Por esto vanse abster.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A sra. Ortega Martínez di que eles cren que hai que pagar os servizos prestados pero entenden que esta non é a forma de traballar. Vanse abster.

VOTACIÓN.

Sometida a votación a proposta é **aprobada cos VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez e Vicente Baz **(seis votos a favor)**, **CO VOTO EN CONTRA** do Sr. Rodriguez Fariñas **(un voto en contra)** e a **ABSTENCIÓN** dos sres/as Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez e Iglesias Ferreira **(nove abstencións)**.

PUNTO 4.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL Nº 5/2016.

O sr. Alcalde da lectura da seguinte:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vistos os documentos que integran o expediente e considerando que na súa tramitación cúmprense os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (artigo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, e o artigo 50 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro e visto, así mesmo, o Informe de Intervención, propónse a adopción dos seguinte acordos,

1º) *Levantar o reparo nº 107/2016 emitido por intervención.*

2º) *Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito 5/2016 por importe total de 3.033,37 euros co detalle das facturas seguintes:*

Terceiro	Concepto	Importe
Rías Baixas Comunicación, S.A.	Publicidade decembro 2015	664,94
SeurLoalma Rías Bajas, S.L.	Portes	25,43
Gas Natural Servicios SDG. S.A.	Electricidade alumado público	5,64
Comunidad de Propietarios Manuel Lomba 5	Cuotas abril a decembro 2015	461,61
Clube Baloncesto Baiona	Escola de outubro a decembro 2015	480,00
Distribuciones E.Carballo S.L.	Caramelos cabalgata 2015	1.395,75

ABRESE O DEBATE

A sra. Magallanes explica que este é o único procedemento recollido pola lei para pagar facturas que, correspondendo ó ano anterior, se presentan neste ano.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A sra. Iglesias Ferreira pregunta cal é o punto de subministro da rúa Galicia, nº 65 que aparece na factura de Gas Natural. Na factura aparece como consumo dun día.

Di que o argumento de todos os grupos municipais é sempre o mesmo, e vense na obriga de recoñecer gastos de anos anteriores porque algo se está facendo mal. Pide que se lle reclame ós provedores que presenten as facturas en tempo e forma para evitar isto. Cre que o recoñecemento extraxudicial desvirtua as contas do Concello e hai que solucionar este problema.

O sr. Rodríguez Fariñas di que, baseándose no informe de intervención que no punto terceiro presenta reparo poals facturas de Gas Natural e Rias Baixas Comunicación, non vai apoiar a proposta.

O sr. Baz Vicente di que o BNG non comparte esta forma de traballar e que o equipo de goberno debe vixiar que as empresas presenten as facturas en tempo e forma. Chámalles a atención a factura da Comunidade de Veciños e pide que se solucione este problema xa que para os veciños supón unha carga máis.

A sra. Ortega Martínez di que catro dos concelleiros do seu grupo vanse abster porque cren que os provedores deben cobrar polos seus servizos. De tódolos xeitos di que non comprende que se compren os caramelos da cabalgata á unha empresa de Carballo e non da Guarda.

A sra. Magallanes Alvarez di que se fan esforzos para poder contratar con empresas da Guarda o subministro de caramelos pero non foi posible.

VOTACIÓN

Sometida a votación a proposta **é aprobada cos VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez e Vicente Baz **(seis votos a favor)**, **CO VOTO EN CONTRA** dos Sres/as. Alvarez Carrero, Rodriguez Fariñas e Iglesias Ferreira **(tres votos en contra)** e a **ABSTENCIÓN** dos sres/as Ortega Martínez, Castro Martínez, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso e Martínez Vazquez **(sete abstencións)**.

PUNTO 5.- DAR CONTA DA RENDICIÓN Ó MINISTERIO DO 3º TRIMESTRE DO CONCELLO.

O señor Alcalde da conta da rendición ó Ministerio do 3º trimestre 2016 do Concello, dándose por enteirados os membros presentes da Corporación.

A sra. Magallanes di que marca cal é a débeda do Concello cos bancos que está en torno ós 400.000 euros. Tamén se reflexa que o Concello cumpre a regra de gasto e coa estabilidade orzamentaria.

PUNTO 6.- DAR CONTA DO COSTE EFECTIVO DOS SERVIZOS 2015.

O señor Alcalde da conta do coste efectivo dos servizos 2015, dándose por enteirados os



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

membros presentes da Corporación, se ben o sr. Rodriguez Fariñas fai as seguintes apuntes:

no informe da interventora fanse dúas observacións ó seu entender “delicados” sobre todo o do recoñecemento extraxudicial nº1/2015 que foi aprobado por decreto cando el pensa que tiña que ter pasado por Pleno.

Di que os números están desvirtuados porque non existe o inventario municipal de bens.

O sr. Alcalde di que existe inventario municipal de bens que non está actualizado.

O sr. Rodriguez Fariñas di que o Sr. Español Otero se comprometeu a ter antes de final de ano un inventario actualizado. En definitiva, os datos ofrecidos non son reais.

PUNTO 7.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERIODO MEDIO DE PAGO DO 2º E 3º TRIMESTRE DE 2016.

O señor Alcalde da conta do informe de morosidade e do período medio de pago do 2º e 3º trimestre de 2016 e dándose por enteirados os membros presentes da Corporación.

PUNTO 8.- MOCIÓNS.

- **R.E. Nº 6.590 do BNG.- Moción de apoio as reclamacións dos traballadores do mar.**

O sr. Baz Vicente da lectura da seguinte moción:

Exposición de motivos:

O Real Decreto 1311/2007, de 5 outubro establecía novos criterios para determinar a pensión de xubilación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, dun modelo instaurado nos anos 70 para a Mariña Mercante que se baseaba en aplicar un coeficiente redutor na idade de xubilación en función da zona que navegase o barco. Zoas que viñan reguladas a través dunha Ordenanza de Traballo da Mariña Mercante do 20 de maio de 1969.

Este vello modelo, completamente desfasado, tivo que ir modificándose para actualizar os coeficientes redutores aplicábeis á pesca, incluíndose novas actividades que estaban excluídas como o marisqueiro, os percebeiros, bateeiros, etc. Este criterio caduco foi substituído por un novo baseado no tipo de buque, sen chegar aínda ao fondo de cuestión: o dereito a reducir a idade mínima de xubilación naquelas actividades profesionais de natureza penosa, tóxica, perigosa e insalubre nas que se acusen elevados índices de morbilidade ou sinistralidade, así como aquelas que impliquen unha continua separación familiar e alonxamento do fogar.

Aínda así, con esta nova normativa até finais do 2015, a frota galega que faena en augas internacionais (cefalopodeiros, palangreiros, arrastreiros, etc) estaban considerados “conxeladores” polo que se lles aplicaba o coeficiente máximo de 0,40. Isto é, que con 25 anos enrolado un tripulante tería dereito a se xubilarse aos 55 anos.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O pasado ano, o Goberno español (Dirección da Mariña Mercante, dependente do Ministerio de Fomento), a través dunha orde interna, modificou a aplicación destes coeficientes, de xeito que agora únicamente considera buques "conxeladores" aquelas embarcacións que teña una eslora de máis de 70 m e capacidade superior ás 1.000 TRB. O resto, dadas as súas menores dimensións, pasan a ser considerados buques "fresqueiros" sen teren en conta nin a actividade, nin a zona de pesca, nin as condicións de vida a bordo, aplicándoseles unha rebaixa no coeficiente de 0,40 ao 0,25-0,35, o que evidencia unha absoluta miopía por parte deste departamento de "secano", pois a nosa frota faena no Índico, Pacífico, Atlántico Sul, Atlántico Norte e Ártico.

Esta medida afecta básicamente á Galiza, primeira potencia pesqueira do Estado, ae cun tipo de frota que é "curiosamente", a que resulta penalizada. Con esta medida vense afectados os traballadores da frota palangreira, a frota cefalopodeira e o resto da frota arrastreira que non alcance as novas condicións establecidas por Madrid con independencia de que pesque nas Malvinas, en NAFO ou en calquera outro mar do mundo. Prexudícase así a milleiros de mariñeiros galegos que verían aumentada a súa vida laboral e sufrirían unha grave discriminación a respecto daqueles buques que cumpran as condicións de tamaño: atuneiros e algúns arrastreiros de fondo, que verán como desenvolvendo a mesma actividade, no mesmo caladoiro e en peores condicións de habitabilidade, verán diminuídos os seus dereitos de xubilación polo tamaño do barco. Esta decisión do Goberno español resulta inasumíbel e surrealista para os tempos que corren.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

- 1. Manifestar o apoio deste Concello ás tripulación embarcadas en buques que faenan en augas internacionais, e reclamar do Goberno español e do Ministerio de Fomento a retirada da orde interna da Dirección da Marina Mercante de modificación dos coeficientes redutores para os conxeladores.*
- 2. Revisar de oficio todas as pensións que se resolveron co actuali procedemento para impedir a discriminación a respecto dos que historicamente se lie recoñeceu o 0,40. Restituir a legalidade e o sentido común.*
- 3. Solicitar unha revisión profunda do caduco modelo baseado na zona e o tamaño da embarcación para ir a un novo que incentive as condicións reais das actividades profesionais da pesca, recoñecendo aquelas que teñen maior penosidade, perigosidade, sexan insalubres e provoquen sinistralidade e altas morbilidades.*
- 4. Solicitar o cese do Director Xeral da Marina Mercante por incompetente e por descoñecer a realidade da pesca, ao aplicar criterios discriminatorios que conculcan os dereitos fundamentais dos traballadores galegos. Reprobar á titular do Ministerio de Fomento por consentir esta tropelía e non responder ás demandas levadas a cabo polos sindicatos e a patronal pesqueira dende o 2015.*
- 5. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do Goberno español e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e Congreso dos Deputados.*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

DEBATE.

A sra. Iglesias Ferreira di que debe manifestarse o apoio a esta moción, pero que non entende que se solicite o cese do Director Xeral da Marina Mercante porque neste momento está en funcións.

O sr. Rodriguez Fariñas di que el engadiría que se aplicase a tódolos tripulantes de embarcacións de bandeira española. Comparte o criterio da Sra. Iglesias Ferreira sobre o Director Xeral da Marina Mercante. Di que xa houbo reunións e se modificaron algunhas cousas neste sentido. Di que hai outra moción sobre o mesmo tema e que o punto intermedio está en aproveitar o mellor de cada unha delas. Suxire que se adiante a moción presentada por outro grupo sobre o mesmo tema para tratala a continuación ó que lle contesta o Alcalde que tiña que haber manifestado eso na comisión de asuntos plenarios

A sra. Ortega Martinez di que está de acordo coa filosofía da moción pero dende que se presentou esta moción pasaron moitas cousas ó respecto. Di que non é conveniente politizar este tema. A moción xa está superada despois dunha serie de reunións que se celebraron.

O sr. Alcalde di que van apoiar a moción. Parécelle inxusto que o coeficiente reductor se aplique en función do tamaño do barco e cre que isto é coñecer pouco o mundo do mar. Pídelle ó BNG que modifique o punto 4 da parte resolutiva de tal xeito que no lugar de dicir "solicitar o cese" recolla o seguinte: "Pedir o Ministro de Fomento que non nomee a mesma persoa como Director Xeral da Mariña Mercante..."

O sr. Baz Vicente di que o BNG está de acordo con modificar a proposta do seguinte xeito "Solicitar o cese do director xeral da Mariña Mercante e solicitar ó Ministro de Fomento que non nomee a mesma persoa para este posto...". Lle di a portavoz do Partido Popular que non se trata dun problema da Guarda senón que un problema dos mariñeiros galegos e galegas.

VOTACIÓN:

Sométese á moción á votación sendo aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes**: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez VAzquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**16 votos a favor**).

- **R.E. Nº 6.876 do BNG.- Moción de oposición á Lomce a as súas reválidas.**

O sr. Lomba Alonso le a seguinte moción:

Exposición de motivos:

*A aplicación da LOMCE consagra cuestións totalmente negativas para o sistema educativo por ser fundamentalmente centralizadora, clasista e sexista, mercantilizar a educación e afondar nun modelo moito máis autoritario e antidemocrático. Compre lembrar que xa a súa elaboración foi sen diálogo social e sen participación da comunidade educativa, das*¹²



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

asociacións que representan os diferentes colectivos implicados e con grande oposición social e política. Ademais, a LOMCE representa un ataque frontal ás competencias das comunidades autónomas e supón unha involución inadmisíbel ao negar a realidade plurilingüe, pluricultural e plurinacional do Estado español e veta o dereito de ofrecer o seu propio modelo lingüístico.

Para alen doutras consideracións, a inclusión a proba xeral en 3º e 6º de Primaria e as reválidas en 4º da ESO e en bacharelato, que son requisito imprescindible para conseguir os títulos correspondentes, pretenden por as maiores trabas posibles para a continuación dos estudos. Obedecen, pois, a unha concepción clasista e elitista da educación e contribúen a excluir o alumnado máis desfavorecido socialmente do dereito á educación nun contexto no que xa as progresivas privatizacións e recortes do sistema público de ensino limitan os recursos para facer real o principio de igualdade de oportunidades.

Ademais, a nivel pedagóxico as reválidas supoñen unha presión engadida para o alumnado, forzándoo a ser avaliado baixo estándares uniformizados sen ter en conta a educación como proceso e o contexto social, económico e persoal do alumnado así como as súas capacidades e actitudes. Tamén cabe sinalar como as probas avalían só determinadas áreas de coñecemento, tendo nunha menor consideración outras competencias, destrezas e habilidades do campo artístico e musical. Ademais, o modelo centralista fai que sexa o Ministerio de Educación quen fixe os criterios, limitando os contidos específicos do marco galego que son imprescindibles para a formación do alumnado no seu contexto.

Así mesmo, condicionan a labor docente ao encamínala á preparación das probas e cuestionan a avaliación continua e a opinión do equipo docente para coñecer as carencias, potencialidades, habilidades e capacidades do alumnado, así como dos medios, recursos e apoios necesarios para mellorar a aprendizaxe e o rendemento escolar.

Por todo isto, a lei ten unha clara pretensión de caminar cara un sistema educativo competitivo, clasista e segregador que excluirá os sectores máis desfavorecidos da educación e asentará unha estrutura curricular ao servizo do capitalismo.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

- 6. Instar á Xunta de Galiza á eliminación das reválidas, conscientes das nefastas e lesivas consecuencias que supoñen as reválidas, por seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuita.*
- 7. A esixencia de que a Xunta da Galiza solicite ao goberno do Estado a derogación da LOMCE.*
- 8. Instar á Xunta a defender as nosas competencias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país.*

DEBATE.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A sra. Iglesias Ferreira di que está de acordo coa moción xa que, aínda que non é nacionalista, tamén quere que se derogue a Lomce, se eliminen as reválidas. Lle gustaría que se chegara a un pacto nacional sobre educación. Di que hai cousas na parte resolutiva que son discutibles e lle pregunta ó BNG se estarían dispostos a facer unha votación por puntos.

O sr. Rodriguez Fariñas di que comparte o criterio do BNG.

A sra. Ortega Martinez di que hai cousas que deben debatirse no Congreso e non no Pleno do Concello da Guarda. Considera que o sistema educativo é un fracaso. Di que a Lomce non vai a entrar en vigor. Tamén considera que debe haber un pacto nacional pola educación.

O sr. Crespo Gonzalez di que ademáis das reválidas hai outras argumentos para opoñerse á Lomce. Comparte as opinións manifestadas por outros portavoces no sentido de que sería convinte que se elaborara unha lei de educación consensuada con tódolos axentes políticos e sociais.

O sr. Rodriguez Fariñas di que os asuntos que se deciden no parlamento español ou galego tamén afecta ós guardeses.

O sr. Lomba Alonso responde di que non vai variar a moción e que non se vai votar por puntos. Sinala que o BNG non utiliza as reválidas para atacar á Lomce, o BNG oponse dende o primeiro momento coa Lomce. Finalmente di que os concelleiros e concelleiras do BNG están aquí para facer política.

A sra. Iglesias Ferreira di que pedía a votación por puntos para manifestarse pormenorizadamente sobre cada un deles.

VOTACIÓN

Sometida a votación esta moción foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR (11) : Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodriguez Fariñas e Iglesias Ferreira.

ABSTENCIÓNS (5): Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez

- **R.E. Nº 6.998 de Ciudadanos asumida pola Concelleira non adscrita .- Cambio de ubicación do mercadillo dos sábados para a alameda municipal.**

A sra. Iglesias Ferreira le a seguinte moción:

O cambio de ubicación do mercadillo da Guarda levouse a cabo inicialmente polas obras de remodelación da alameda da vila no ano 2009. Preguntado ó rexidor daquela, D. Xose Manuel Domínguez Freitas pola data de reubicación do mercadillo rematadas as obras, dixo que "nunca".

Chegado este momento é evidente que o mercadillo da Guarda é practicamente invisible, está totalmente escondido e non crea a sinerxias necesarias co resto do comercio e



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

hostelería do pobo, polo que pensamos sería preciso estudar a posibilidade de reubicar o mercadillo dos sábados na alameda da Guarda, empregando tamén o tramo da rúa Rosalía de Castro tal como se fae agora, e deixando libre a zona de xogos.

Traer o mercadillo para a alameda entendemos que proporcionaría:

- *máis visibilidade e crearía máis sinerxias co comercio e a hostelería*
- *melloraría a seguridade vial*
- *a apertura da circulación e polo tanto a desconxestión da rúa Coruña, dando fluidez de tráfico hacia a praza Avelino Vicente e Manuel Álvarez, xenerando máis comodidade os vecinos e máis zonas de aparcamento hoxe inutilizadas os sábados*
- *non ter que estar condicionando nin pechando o tráfico en tantos puntos como se fae agora, so sería necesario no tramo de Rosalía Castro colindante a alameda municipal*
- *facilitar os vecinos da rúa Coruña, Tomiño e Ourense os accesos as vivendas e establecementos e o aparcamento.*
- *cumplimento do Regulamento Municipal Regulador da Venda Ambulante no concello de A Guarda, que no seu artigo 5 di que: o concello establece como zoas para o exercicio da venda na vía pública e espacios abertos, os seguintes:*

ACORDO

Polo aquí exposto, traemos para a súa discusión e aprobación no pleno da Guarda o seguinte acordo:

Estudar a disposición e organización dos espazos na Alameda Municipal e a Rúa Rosalía de Castro colindante, para levar a cabo o traslado e reubicación do Mercadillo semanal dos sábados.

DEBATE

O sr. Rodríguez Fariñas di que rectificar é de sabios e que se alegra de que veña esta proposta xa que os principais valedores do cambio do mercadillo para a rúa Coruña foron o exalcalde Dominguez Freitas e o exconcelleiro do Partido Popular Antonio Fontenla. Engade que non lle vale a excusa de que co mercadillo se estropea a Alameda.

O sr. Baz Vicente pide que se lle dea unha volta máis a este tema e que deixe esta moción sobre a mesa ata que se coñeza o contido e os resultados do Plan de Mobilidade Sostibel que se está a redactar. Non convén anticiparse a dito Plan.

A sra. Ortega Martínez di que está de acordo co BNG é que é convinte agardar ó contido do Plan de Mobilidade Sostible. Aínda así parécelle unha iniciativa interesante.

O sr. Español Otero di que está de acordo co BNG e co PP. Di que o Plan de Mobilidade do Concello da Guarda indicará mellor a ubicación axeitada para o mercadillo. Di que non comparte que a rúa Coruña e Tui estean colapsadas pola celebración do mercadillo. Finaliza dicindo que no seu momento se retirou o mercadillo da Alameda porque xeneraba atrancos na rúa principal que é a rúa Galicia.

A sra. Iglesias Ferreira di que ela non dixo que se colapsaran as rúas Coruña, Tomiño e Ourense. Di que se está incumplindo un regulamento municipal e que retirar o mercadillo da rúa Coruña facilitaría estacionamento en toda esa rúa. Di que o mercadillo na rúa



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Coruña non ten sentido. Propón trasladar o mercadillo para Alameda os días 24 e 31 de decembro como proba. Finalmente di que non retira a moción.

VOTACIÓN

Sometida a votación esta moción obtén o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR (2) : Sres./as Rodriguez Fariñas e Iglesias Ferreira

VOTOS EN CONTRA (14): Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez.

- **R.E. Nº 6.999 de Ciudadanos asumida pola Concelleira non adscrita .- Redacción do proxecto para levar a cabo a apertura da saída sur do porto da Guarda, dende a rúa Fernandez Albor á carretera de Circunvalación tal e como se contempla no PXOM e estudio dunha saída norte.**

A sra. Iglesias Ferreira da conta da seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha vez mais a concelleira da Guarda Fátima Iglesias Ferreira presenta ante este plenario unha moción que busca o apoio dos grupos políticos para o desbloqueo e a apertura da saída sur da Guarda.

Sodes conscientes da problemática existente en relación ó tráfico na nosa vila, e como quedou constatado pola maioría dos aquí presentes na xornada adicada o Plan de Mobilidade A Guarda celebrada o pasado día 2 de Novembro, este é o tema fundamental no que xira calquera discusión é debate sobre as dificultades para a mobilidade e o tráfico na vila, e a solución a que se fae referencia é á apertura da saída sur.

A apertura da saída sur da Guarda non require de modificacións puntuais do PXOM, tal como se discutía o pasado 29 de xaneiro cando a concelleira non adscrita presentaba este tema no plenario, nin da aprobación dun novo.

A saída sur non está comprometida ou é inviable por un informe topográfico tal e como dicía o concelleiro de obras, a saída sur solo require do compromiso dos representantes municipais para dar solución a este problema que ten A Guarda paralizada e pechada.

O pasado 2 de novembro no Obradoiro do Plan de Mobilidade falabase incluso non só da necesidade de apertura dunha saída sur do porto, senon de pensar en grande na posibilidade de unha entrada e saída sur do porto. Pois iso xa o recolle o PXOM da Guarda en vigor.

O Plan Xeral vixente, contempla un vial de conexión entre as rúas Fernández Albor e Circunvalación. Un vial de 12 metros de ancho, que conleva dúas beirarruas de 1,8 metros de ancho, unha banda de aparcamento de 2,25 metros e dous carris de 3,07 metros.

Contemplada esta saída, no Plan Xeral vixente, aprobado en 1993, e poñendo enriba da mesa esta infraestrutura como urxente e prioritaria para o pobo de A Guarda, cun estudio preliminar topográfico, que en ningún momento manifesta que sexa inviable, e polo exposto anteriormente, se somete ao Pleno do Concello de A Guarda a adopción dos seguintes



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACORDOS:

- 1º *Encargar de xeito urxente a redacción do proxecto de apertura da vía de saída sur do porto de A Guarda, entre as rúas Fernández Albor e Circunvalación, tal como ven recollida no PX.O.M vixente, tan necesaria para o desafogo do tráfico na vila e para o noso desenvolvemento como vila turística, mariñeira e comercial e polo ben dos vecinos e vecinas, para a mellora da mobilidade.*
- 2º *Facer as xestións pertinentes para o financiamento da obra de saída sur do porto entre o concello de A Guarda e outras administracións públicas.*
- 3º *Estudiar a posibilidade e viabilidade dunha saída norte do porto da Guarda, tal como se propuña no encontro do Plan de Mobilidade do pasado 2 de Novembro.*

DEBATE:

O sr. Baz Vicente di que cando o BNG traía a proposta de elaboración do Plan de Mobilidade pedía sosego para facer as cousas ben feitas para que fora a folga de ruta do Concello. O convinte é agardar ó resultado deste Plan de Mobilidade para realizar propostas e pídelle á concelleira non adscrita que deixe esta moción sobre a mesa.

A sra. Ortega Martinez di que este tema é moi importante pero non poden apoiar a moción pola opción. Estase elaborando o Plan de Mobilidade. Di que hai dúas posibilidades: a do Plan Xeral do 1993 e a que propuña o Plan Xeral último que non foi aprobado. Destas dúas opcións o Partido Popular aposta pola última que coincide bastante coa proposta por Consultora Galega.

O sr. Español Otero di que comparte as opinións do PP e do BNG. Presentouse unha moción recentemente neste sentido e os argumentos que sustentaron o voto en contra naquel momento non variaron. A saída sur é necesaria. Non cre que o Plan de Mobilidade vaia a resolver todos os problemas pero vai tratar tamén este tema. Remítese a súa intervención na moción votada recentemente. É importante que o proxecto que se redacte teña futuro.

A sra. Iglesias Ferreira di que no obradoiro do Plan de Mobilidade se recoñecía a necesidade da saída sur. É a terceira vez que trae esta moción. Di que a saída sur da Guarda requiriría un novo planeamento. As cousas cambiaron dun tempo a esta parte. A primeira vez que trouxo esta moción pedíuselle a retirada da moción e retirouna. A segunda vez fíxose un estudio topográfico e non prosperou a moción aínda que dito estudio non di que sexa viable. Hai certas irregularidades xa que se deron licenzas posteriores ó plan xeral encima do vial trazado. Solicita que se elabore un proxecto, preferentemente por un técnico externo, para determinar as anomalías e buscar as solucións.

O sr. Español Otero di que o vial non é viable pola insensatez de dar algunha licenza. O que se fixo non foi un informe, foi un simple levantamento topográfico que hai que facelo previo a calquera proxecto. O equipo de goberno concluiu que opción do Plan Xeral do 93 non é a mellor por varias razóns, e consideran que a mellor opción é usar un camiño xa existente.

A sra. Iglesias Ferreira di que o sr. Español Otero estase a desdecir xa que no seu momento usaba como argumento para non aprobar a moción un problema de cotas. Agora di que hai licenzas mal dadas. Considera que hai que depurar responsabilidades.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O sr. Rodríguez Fariñas di que o problema vai máis alá das licenzas que se deron, hai que ver se se aportaron os documentos reais para outorgar esas licenzas. Cre que o Plan de Mobilidade non vai dar solución a todo. E aínda no caso de que o Plan de Mobilidade fora moi bo tería que pasar por unha modificación puntual ou pola aprobación dun novo plan xeral. Dille á Concelleira non adscrita que se ten probas das irregularidades manifestadas debe acudir con este tema a fiscalía.

O sr. Baz Vicente di que o tema da saída sur espertou vellas inquedanzas e aínda que o Plan de Mobilidade non sexa a solución de todo, vai establecer criterios de actuación. O BNG agardaría ós resultados do Plan de Mobilidade.

A sra. Ortega Martínez di que o Partido Popular está a favor dunha saída sur pero que serán os técnicos os que digan cal é a mellor solución.

O sr. Alcalde dille á sra. Iglesias que o Plan Xeral non se aprobou porque a maioría da corporación votou non, e ela tamén votou non.

A sra. Iglesias Ferreira di que estudiou moi ben este tema e vai pedir que se depuren responsabilidades. Na lexislatura anterior o seu grupo pedía unha saída sur diferente a que se contemplaba no Plan e o Alcalde naquel entón lles dixo que o Plan estaba pechado.

O sr. Alcalde di que hai que ceñirse a moción. Cre que sra. Iglesias Ferreira está distorsionando a moción. Pregúntalle á concelleira se retira a moción.

A sra. Iglesias Ferreira di que non a retira.

VOTACIÓN

Sometida a votación esta moción obtén o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR (2) : Sres./as Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira

VOTOS EN CONTRA (14): Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez Ortega Martínez, Castro Martínez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez.

- **R.E. Nº 7.048 do BNG.- Moción sobre a transferencia da AP-9.**

O sr. Lomba Alonso le a seguinte moción:

Exposición de motivos:

AAP-9 é unha autoestrada que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, ao conectar toda a franxa atlántica e catro das sete cidades galegas. Malia o seu carácter vertebrador, a AP-9 continúa a depender do Goberno Central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos, e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos. As competencias e a xestión desta autoestrada por parte do Estado é motivo de controversia, non só polas abusivas peaxes, senón tamén polo deterioro e servizo deficiente que presta a concesionaria, coa



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

complicidade do Goberno central.

O Parlamento de Galiza, ao final da IX Lexislatura, por unanimidade de todas as forzas políticas con representación, aprobou a "Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza", que foi remitida ao Congreso dos Deputados para a súa tramitación e aprobación final.

O día 14 de outubro de 2016, o Goberno central comunicaba a desconformidade coa súa tramitación nas Cortes Xerais, en base a un suposto incremento de créditos orzamentarios. Con independencia de que as contas feitas polo Ministerio de Fomento son absurdas, ao fundarse nos ingresos brutos das peaxes nun ano determinado (co que no caso de que as galegas e galegos decidísemos durante un ano non usar dita infraestructura e reducir ao mínimo os ingresos de peaxes xa nos saíría case gratis o rescate), constitúe un agravio comparativo e unha discriminación parapetarse nun suposto incremento orzamentario para vetar o debate sobre a transferencia da AP-9 a Galiza e poder abaratar o seu custe para as usuarias e usuarios, cando se está a falar de achegar cantidades multimillonarias de diñeiro do orzamento público para rescatar autoestradas quebradas en Madrid, e que non redundarán precisamente nun beneficio das persoas que as usan, senón que irán directamente para compensar ás construtoras e á banca que tamén impulsaron esa ruínosa construción de vías de alta capacidade.

Os grupos políticos desta corporación, debemos reafirmar e apoiar a iniciativa aprobada no Parlamento de Galiza que ten como finalidade superar un marco competencial onde Galiza nin decide nin opina sobre a xestión da vía de alta capacidade máis importante do punto de vista social e económico do país, e aspira a que desde Galiza se tome o control desa autoestrada, para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera, a custa do peto de sufridos usuarios e usuarias, co modelo de xestión que ten a administración central da AP-9.

Con esta moción pretendemos que a Corporación da Guarda tamén se sume ao consenso político acadado no Parlamento de Galiza e apoie expresamente a defensa da iniciativa legislativa para reclamar a transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza, nos termos aprobados polo Parlamento de Galiza.

Ademáis, para expresar o rexeitamento a que unilateralmente e sen xustificación, dun xeito totalmente arbitrario e despectivo cara a principal institución representativa de Galiza, mesmo se impoña un veto ao seu debate e tramitación ñas Cortes Xerais. Polo tanto, tamén estamos a reclamar que se garanta un elemental dereito democrático por parte do Goberno central, a que unha iniciativa de tanta importancia para Galiza sexa debatida e sometida a consideración do Congreso e do Senado, non simplemente a ser arquivada sen ter a oportunidade de a poder facer valer.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar ao Goberno central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da "Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza", aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza.

Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos consensuados no Parlamento de Galiza.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á Banca e as construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP9.

Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes Xerais, ademáis do Goberno Central e a Presidenta do Congreso dos Deputados.

DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que este tema xa foi debatido no Parlamento e foi aprobado por unanimidade.

O sr. Rodriguez Fariñas di que vai apoiar a moción e recorda o que dixo algún grupo político cando se estaba construindo esta autovía.

A sra. Ortega Martinez di que esto xa foi aprobado no parlamento galego e agora está na Mesa do Congreso, aínda que esta cuestión está parada porque supón un incremento de custes de 4.000 millóns de euros. Hai que recordar ó que dicía a UPG cando se construiu a autovía.

VOTACIÓN:

Sométese á moción á votación sendo aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes:** Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**16 votos a favor**).

- **R.E. Nº 7.124 do PsdeG-PSOE- Moción para reclamación de remate da vía de altas prestacións Tui- A Guarda.**

O sr. Alcalde da lectura da seguinte moción:

Reclamación de remate da Vía de Altas Prestacións Tui-A Guarda

O pasado día 8 de novembro de 2016 no terceiro discurso de investidura de Alberto Núñez Feijoo, o candidato a presidencia da Xunta de Galicia dixo literalmente referíndose as actuacións previstas para a próxima lexislatura en materia infraestruturas viarias de altas prestacións: "... así completaremos a rede de Vías de Altas Prestacións para que a práctica totalidade dos galegos teñamos ao noso carón unha infraestrutura de especial relevancia como: finalizar a autovía do Morrazo, finalizar a conexión da vía Artabra coa autoestrada do Atlántico, o enlace do polígono de San Cibrao da Viñas en Ourense coa Autovía, o enlace de Areas no Baixo Miño na vía Tui-A Guarda..."

Chama a atención que nomea pormenorizadamente as actuacións que ten previsto realizar pero que entre elas non aparece a finalización da Vía de Altas Prestacións Tui-A Guarda, a nosa comunicación coa autoestrada do Atlántico. Este "esquecemento" parécenos moito



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

máis grave cando para este ano 2016 a propia Xunta de Galicia tiña nos seus orzamentos unha partida de 3.641.526 € para a VAP Tui-A Guarda que desviou para outra infraestrutura e ademais tiña previsto investimentos para os anos 2017 e 2018 por valor de máis de dez millóns de euros.

Dende logo A Guarda non se pode permitir estar 4 anos máis nesta situación. A VAP Tui - A Guarda é prioritaria para o noso concello. Non podemos permitir que a Xunta de Galicia se siga esquecendo de nós, desta vía de comunicación depende unha parte importante do noso futuro.

Xa manifestamos en anteriores demandas, veciños, grupos políticos e empresarios, que non imos a renunciar a esta infraestrutura. Consideramos que diante do “esquecemento” do presidente Feijoo no discurso de investidura, debemos trasladar a Xunta de Galicia de novo as nosas demandas e sentimento como Corporación Municipal,

Por todo o sinalado o Grupo Municipal Socialista da Guarda propón ao Pleno Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

- 1. Reiterar a esixencia á Xunta de Galicia de que faga un plan de investimentos razoables para o remate da Vía de Altas Prestacións Tui - A Guarda.*
- 2. Trasladar esta demanda ao presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo*
- 3. Trasladar tamén esta demanda aos portavoces dos grupos políticos con representación no Parlamento Galego*

DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que ela sempre defendeu a vía de altas prestacións e lamenta que o grupo socialista non trouxera esta moción cando na Xunta gobernaba o PSOE.

O sr. Rodriguez Fariñas di que lle gustaría saber que alternativa da vía defende o grupo municipal socialista e recorda ó acontecido anos atrás cando tras un pleno o agrediron. Di que o PSOE negaba a alternativa 2 e agora a apoian.

O sr. Alcalde di que quere que se executen os proxectos aprobados.

A sra. Martinez Vazquez di que van apoiar a moción.

A sra. Ortega Martinez di que vai apoiar a moción aínda que cre que o feito de que nomeara o enlace de Areas é positivo. Recorda que o tramo que hai construído é grazas a un goberno, e que se non seu construíu outro tramo foi por culpa doutro goberno que o parou.

VOTACIÓN:

Sométese á moción á votación sendo aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes:** Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira **(16 votos a favor)**.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- **R.E. Nº 7.146 do BNG- Moción a prol da ampliación da acreditación por violencia machista, da creación do estatuto do feminicidio e da toma de medidas contra as consecuencias sobre as mulleres da desigualdade económica.**

A sra. Martinez Vazquez da lectura da seguinte moción:

Exposición de motivos

Visibilizar e erradicar a violencia machista en todas as súas formas e en todos os ámbitos é un dos retos máis importantes que temos como sociedade de cara ao futuro. Por iso, o feminismo e as políticas feministas son ferramentas fundamentais coas que debemos traballar sen dar nada por conseguido en canto siga exercitándose a violencia contra as mulleres polo mero feito de ser mulleres.

Nos últimos tempos, fomos avanzando na visibilización dalgunhas violencias contra as mulleres grazas ao traballo mobilizador e concienciador dos diferentes movementos de mulleres. Porén, non é suficiente, temos que seguir avanzando na rúa e ñas institucións e non podemos caer na falsa imaxe de que porque sexa máis visíbel do que anos atrás ou haxa un marco legal máis amplo é suficiente. Ademáis, é clave visibilizar todo tipo de violencias, desde a máis extrema que pon en perigo a nosa saúde mental e física até outro tipo de violencias como a presión estética, a violencia obstétrica e tratos inadecuados no marco da sanidade até a violencia económica que sofren as mulleres neste contexto de emerxencia social, ocupando as peores taxas de desemprego e precarización, padecendo a desigualdade salarial e ocupando a maioría dos traballos non asalariados consecuencia das situacións de dependencia familiar e da falta de recursos públicos. Para todas estas cuestións, as institucións poden e deben axudar a responder e a paliar as súas consecuencias.

Queda moito por facer e a loita contra a violencia machista debe ser unha prioridade política para todos os espazos da actividade política e social. Por iso, tendo sido importantes a Lei Orgánica 1/2014, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, despois de anos de aplicación, son insuficientes en moitos casos por limitación de recursos e orzamentos. Por iso, compre avanzar e mellorar os marcos legáis e realizar un labor preventivo e educativo maior.

Ante a gravidade do problema consideramos fundamental a inclusión do Feminicidio como forma de terror propia que sofren as mulleres e que serva de base para a elaboración dun Estatuto de vítima de Feminicidio. Doutra banda, a resposta fundamentalmente penal diante deste problema tense demostrado como insuficiente, polo que é preciso avanzar no apoio económico, psicolóxico e social así como na prevención. Corresponde á Administración local, por ser a institución máis próxima á veciñanza converterse nunha referencia para o combate deste problema e presionar para que se avance no recoñecemento das realidades de violencia machista e na súa prevención.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a trasladar ao goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, introducindo o termo Feminicidio e iniciar os trabalados para desenvolver o Estatuto de Vítima de Feminicidio.

Introducir, así mesmo, na citada modificación a acreditación da situación de violencia machista, recollendo certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou documento acreditativo da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei. Tamén a certificación ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios e certificación dos servizos de acollida da Xunta de Galiza ou do concello. Informe da Inspección de Trabado e da Seguridade Social e calquera outra que se estableza regulamentariamente.

Así mesmo, a iniciar os traballos para modificar da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero para incorporar a regulación do Feminicidio e o estatuto de protección das vítimas do feminicidio

Finalmente, instar á Xunta de Galiza a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e garantir que o servizo 016 de atención as mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día.

- 2. Instar á Xunta a promover, en diálogo coas organizacións sociais, medidas para contrarrestar a violencia económica sobre as mulleres e á rescisión dos contratos da Xunta coas empresas que non cumpran a igualdade salarial e laboral entre homes e mulleres.*
- 3. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao do Goberno do Estado.*

DEBATE:

A sra. Iglesias Ferreira di que cre que hai que traballar en protexer ás vítimas.

O sr. Rodríguez Fariñas pide modificar o punto 2 da parte resolutiva engadindo que se inste tamén ós concellos a que rescindan os contratos coa empresas que non cumpran a igualdade salarial e laboral entre homes e mulleres.

A sra. Ortega Martínez di que o que propón o sr. Rodríguez Fariñas é verdadeiramente de competencia municipal. O termo feminicidio non aparece recollido no diccionario da Real Academia Galega. Van apoiar a moción e remata dicindo que están a favor da educación dos máis pequenos para a igualdade.

VOTACIÓN:

Sométese á moción á votación sendo aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes:** Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Ortega Martínez, Castro Martínez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez VAzquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira **(16 votos a favor)**.



CONCELLO
A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- **R.E. Nº 7.263 do PsdeG-PSOE.- Con motivo do día internacional contra a violencia de xénero.**

A sra. Magallanes Alvarez da conta da seguinte moción:

*De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN***

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia contra ás mulleres ten as súas raíces profundas nunha sociedade desigual e discriminatoria, na que ás mulleres se lles outorga o papel pasivo e aos homes un papel activo e dominador. Neste momento, en España, a morte de cada muller a mans da súa actual parella ou ex parella é un sinal de alarma social que avisa de maneira intermitente de que hai que seguir reforzando e mellorando a resposta fronte á violencia machista. Para iso, hai que abundar nas campañas de sensibilización da cidadanía e dedicar máis recursos e esforzos á política de prevención co obxectivo de chegar a erradicar unha das secuelas e vergoñas da nosa sociedade: a violencia de xénero.

Pasaron 12 anos desde que o Goberno Socialista de Rodríguez Zapatero aprobase a Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero que supuxo un revulsivo fronte á violencia de xénero, impulsando a súa primeira lei, a Lei Orgánica 1/2004, cun fundamento transversal de loita contra a mesma e que foi apoiada por un amplo acordo de todos os partidos políticos. Sen embargo, os datos a día de hoxe son preocupantes. O Goberno do Partido Popular reduciu drasticamente a partida orzamentaria destinada á violencia, apenas alcanza o 0,0103%, o que significa un 10,92% menos en 2016 respecto de 2009. Pero, ademais, a coordinación institucional non está ben articulada o que nos leva a afirmar que, a día de hoxe, fallou a resposta do Goberno Popular contra a violencia de xénero.

En efecto, segundo datos oficiais do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, desde xaneiro de 2003 a outubro de 2016, máis de 800 mulleres morreron en España por violencia de xénero. O Observatorio contra a Violencia de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado dan, ademais, a voz de alarma polo reducido número de denuncias presentadas. O 75% das vítimas, non presentaron denuncia ante o número tan elevado de mulleres que son vítimas da violencia de xénero. Son 33.593 mulleres, un 8,8% máis que no segundo trimestre do 2015.

Os doce anos de andadura da Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero serviron, con todo, para desmontar totalmente algún prexuízo dos detractores desta realidade, como as chamadas “denuncias falsas”. A última Memoria da Fiscalía Xeral do Estado despexa calquera dúbida respecto diso, afirmando que “A escasa porcentaxe de causas incoadas cada ano por delito de acusación ou denuncia falsa, supón un 0.0015%, é suficientemente elocuente para rebater as voces que se alzan ao redor da prevalencia das “denuncias falsas” en materia de violencia sobre a muller”. E o balance da aplicación das medidas xa



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

desenvolvidas desta lei integral, demostra a necesidade de manter un amplo consenso social e político, e de culminar o seu desenvolvemento.

A Lei de Reforma Local, non acordada cos partidos da oposición e imposta polo Goberno do PP, cualificou como impropias as competencias que os Concellos e as Entidades Locais viñan exercendo en Igualdade e Violencia de Xénero, afastando desta maneira os servizos públicos da atención das mulleres e suprimindo o labor de detección, denuncia e apoio específico, que realizaban os servizos sociais municipais.

Por último, tal como recomendaron tanto a CEDAW como o Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica, estamos convencidos de que é o momento de ampliar a Lei Integral contra a violencia de xénero de maneira que estean recollidas nela todas as manifestacións da devandita violencia e non exclusivamente, como ocorre neste momento, as que se producen en relacións de parella.

*Por todo iso, e porque a tolerancia cero coa violencia contra as mulleres debe ser un valor da sociedade no seu conxunto e, para poder ser eficaz, levarse a cabo tamén desde a administración máis próxima á cidadanía, o Grupo Municipal Socialista presenta a seguinte MOCIÓN, para a súa consideración e aprobación polo Pleno e a adopción dos seguintes **ACORDOS**:*

- 1. Impulsar desde o ámbito local a sensibilización sobre a violencia de xénero, e a detección e apoio ás vítimas e os seus fillos e fillas menores.*
- 2. Impulsar a aplicación da Lei de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero en coordinación con todos os poderes públicos, tanto locais como autonómicos e estatais.*
- 3. Reclamar que os Concellos e entes locais recuperen expresamente as competencias en Igualdade e Violencia de xénero, con dotación orzamentaria suficiente, igual que o resto das Administracións Públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, co obxecto de aplicar na súa integridade e de forma eficaz a Lei Orgánica 1/2004, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.*
- 4. Declararnos municipio libre de violencia de xénero. Para iso, este concello garantirá unha rede de atención social ás mulleres en situación de violencia que lles axudará a buscar alternativas para recuperar a súa vida (dereitos laborais, políticas de formación, apoio ao emprego, vivenda, axudas sociais). Na devandita rede estarán incluídos os servizos de protección, información, asesoramento, acompañamento e acollida para mulleres en situación de violencia de xénero, e para os seus fillos e as súas fillas.*

Este Concello esixe ao Goberno do estado que:

- Repoña e dote suficientemente as partidas orzamentarias, que se viñeron recortando nos últimos anos, especialmente os recursos destinados á prevención e á asistencia social das vítimas de violencia de xénero,*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

dependentes tanto das Comunidades Autónomas, como dos servizos de proximidade dos concellos.

- Estipule un fondo de apoio aos concellos para dar reforzo á rede de servizos públicos, impulsando o papel que desempeñan e deben seguir desempeñando os servizos sociais municipais e centros da Muller para o desenrolo e cumprimento da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e a Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.*
- Poña en marcha, nos Xulgados Especializados en Violencia de Xénero, o Acompañamento Xudicial Personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguro no seu percorrido xudicial desde o momento no que pon a denuncia até o final do proceso.*
- Estableza protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero.*
- Active de forma permanente o Plan Nacional de Sensibilización e Prevención da violencia de Xénero.*
- Incorpore ao currículo a formación específica en Igualdade, educación afectivo-sexual e de prevención da violencia de xénero en todas as etapas educativas.*
- Poña en marcha un Plan integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero.*
- Estipule a obrigatoriedade de que tanto os maxistrados á fronte do órgano xurisdiccional especializado, como avogados, forenses e equipos psicossociais que interveñan nos xulgados especializados de violencia de xénero teñan certificado, previamente a ocupar o seu posto, formación específica na materia impartida por unha institución acreditada.*
- Amplíe as disposicións preventivas, procesuais, punitivas e protectoras da lei de 2004 para abarcar, coas adaptacións necesarias, todas as formas de violencia contra a muller, tal como esixe a Recomendación Xeral nº 19 da CEDAW e o Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica (Convenio de Estambul), que España ratificou.*

DEBATE

O sr. Rodríguez Fariñas di que no punto 4 da parte resolutiva debe engadirse que o Concello vai adicar unha partida orzamentaria para garantir os servizos que se indican.

A sra. Martínez Vazquez di que o BNG vai votar a favor da moción.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A sra. Ortega Martínez di que vai votar a favor aínda que non comparte puntos da parte expositiva na que se ataca o Partido Popular. Da conta dos datos orzamentarios do goberno do estado e da comunidade autónoma para este asunto, concluíndo que se foi aumentando o seu importe.

VOTACIÓN:

Sométese á moción á votación sendo aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes:** Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**16 votos a favor**).

- **R.E. Nº 7.289 do BNG- Moción para a adhesión ao Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra.**

O sr. Baz Vicente le a seguinte moción:

Exposición de motivos:

A Deputación de Pontevedra ven de poner en marcha un programa que aposta por un novo xeito de xestionar lixo, o Plan Revitaliza.

O BNG sempre ten apostado por iniciativas encaminadas a conseguir que a reciclaxe sexa unha prioridade fronte a outros modelos como o da incineración, que tanto dano fai ao medio que nos rodea.

Dende a chegada do BNG á Deputación de Pontevedra, este foi un dos eixos sobre os que pivota a nova forma de gobernar nos que se quere implicar aos concellos nunha xestión sustentábel e máis respectuosa co medio ambiente.

Así, as liñas de axuda da segunda fase do programa provincial para este ano, ascenden a 1.250.000 €, dos que se poderían beneficiar os guardeses e guardesas coa adhesión a este plan.

O Programa Revitaliza busca garantir que alómenos o 75% dos biorresiduos, dos cales, como mínimo, as dúas terceiras partes, ou sexa, o 50% do total do lixo que produce o municipio mediante compostaxe.

Dende o BNG apostamos pola compostaxe como modelo de xestión que pode suponer un aforro para as arcas municipais, dada a redución de volume de lixo que se envía a Sogama, facéndose notar na conta de resultados.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar ao Alcalde da Guarda a iniciar os trámites para a adhesión ao Plan Revitaliza da27



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Deputación de Pontevedra.

Di que na Comisión de Asuntos Plenarios o concelleiro Rodriguez Gonzalez manifestoulles que según os técnicos da Deputación non aconsellaban ó Concello da Guarda adherirse a este plan. Aclaran que este Plan é máis factible en sitios con máis dispersión pero eso non significa que na Guarda non sexa posible. Outras vilas similares á Guarda vanse adherir. Con este plan poderíase reducir nun 50% os gastos na xestión do lixo.

DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que na comisión de asuntos plenarios o Sr. Rodriguez Gonzalez dixo que A Guarda non cumpre. Trátase dun novo xeito de xestionar o lixo. Parece que na Deputación hai un acordo e aquí hai discrepancias.

O sr. Rodriguez Fariñas di que vai apoiar a moción.

A sra. Ortega Martinez di que non coñecen ben o Plan Revitaliza e non teñen unha decisión tomada ó respecto. Queren saber máis ó respecto antes de votar.

O sr. Español Otero di que o Sr. Rodriguez Gonzalez leva traballado moito no servizo de xestión do lixo e acudiu a todas as reunións que se celebraron sobre este tema. Pide que se retire a moción ata que estea o sr. Rodriguez Gonzalez para falar desto. O propio Vicepresidente da Deputación manifestou que non era recomendable adherirse a este Plan. Quere sinalar que en xestión de residuos se leva aforrando moito diñeiro nos últimos anos. O Concello da Guarda é un dos concellos no que máis se recicla. Di que a compostaxe no rural xa se está realizando e que implantar a compostaxe comunitaria non é doado. Di que o cambio podería ser moi brusco se desaparecen os colectores actuais. Cre que os técnicos da Deputación deben explicar exactamente en que consiste este plan e o seu custe.

O sr. Baz Vicente di que o Sr. Rodriguez Gonzalez manifestou que non llo aconsellaban pero eles contrastaron esta información e non é así; dende a Deputación din que non é igual de sinxelo que noutras localidades pero que é factible. A Deputación podería facer un estudio para determinar a mellor maneira de implantar este plan pero para elo é necesario adherirse. Di que A Guarda ten que dar un paso adiante neste senso. Remata dicindo que deberían ser os técnicos da Deputación quen digan se é factible implantar a compostaxe comunitaria.

O sr. Español Otero di que o sr. Rodriguez Gonzalez está moi convencido da inconveniencia de adherirse a este Plan.

VOTACIÓN

Sometida a votación esta moción obtén ó seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR (5) : Sres./as Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodriguez Fariñas e Iglesias Ferreira

VOTOS EN CONTRA (6): Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez e, Vicente Baz



CONCELLO
A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ABSTENCIÓNS (5): Sres/as, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez.

- **R.E. Nº 7.301 do PP- Moción para tomar as medidas necesarias para que a Alameda e inmediacións sexan, efectivamente, zonas libres de botellón.**

A sra. Ortega Martinez da conta da seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno do 24 de setembro de 2015 presentamos unha moción onde plantexábamnos poñer vixilancia nocturna para controlar os efectos do botellón e a venda de alcohol a menores. A proposta foi rexeitada con 12 votos en contra.

A Alameda de A Guarda é unha zona declarada protexida, sinalizada verticalmente e onde está prohibida por lei a permanencia e concentración de persoas en horario nocturno, consumindo bebidas, producindo contaminación acústica e deixando lixo no recinto e inmediacións. Isto non se está cumprindo, o cal produce unhas molestias e un malestar grave na veciñanza nas noites do fin de semana, pero tamén cando os nenos os domingos van a aproveitar do escaso parque infantil, e se atopan anacos de cristas, como nos teñen denunciado nais.

Pensamos que os veciños das inmediacións da Alameda e rúas cercanas, teñen dereito a un descanso tranquilo, sen rúidos e sen sobressaltos nocturnos, igualmente sabemos que a mocidade ten o dereito a divertirse, e hai que buscar alternativas, a única vía de conxugar ambas cousas e con unha Ordenanza que se aprobará, si así o estima o pleno, coa pretensión pois de establecer os marcos de convivencia entre os cidadáns de A Guarda, non estamos inventando nada novo, outros concellos da comarca así a aprobaron en busca de solucións ao problema. En conversas no oficiais con algún membro da Guarda Civil tamén nos comentaron que ter unha ordenanza municipal lles facilitaría o traballo ante calquera incidente.

Do mesmo xeito recordar que o botellón non controlado, obriga ao concello a poñer un servizo extraordinario con persoal para retirar na mañá do día seguinte todo o lixo xerado polos participantes do botellón.

Por outra banda, ten habido veces nas que se produciron actos vandálicos, con consecuencias negativas primeiro para a cidadanía e despois para as arcas municipais. Somos coñecedores que so algúns fan estes actos, e que non se pode xeneralizar.

Recentemente temos escoitado nos medios de comunicación, desafortunados casos de comas etílicas en adolescentes de 12 e 13 anos. Nos casos ocorridos en lugares libres de botellón, e naqueles onde os responsables municipais miraron para outro lado, en vez de tomar medidas para erradicalo, estanse producindo mobilizacións cidadás nas que poñen no punto de mira a eses responsables municipais.

Sempre se fala de que hai que promover alternativas de ocio para a xuventude, que hai que fomentar o respecto e o civismo dende a educación, pero todo se queda en boas palabras.

Os pobo de a Guarda non merece que moitos dos seus veciños sufran as consecuencias do botellón.

Nin que a súa xuventude teña que recorrer ao alcohol como escusa para relacionarse,



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

porque os espazos públicos existentes non lles permiten outra alternativa.

Nin que os nenos e adolescentes corran o risco de perdela súa vida, caendo no alcohol prematuramente por non ter sido informados nin educados adecuadamente, precisamente estes días na prensa están apareceron informes moi preocupantes sobre a idade e a incidencia do alcohol en menores de idade..

Esta corporación temos a obriga de preocuparnos polo benestar dos veciños nas súas horas de descanso, temos a obriga de preocuparnos pola saúde dos Guardeses máis vulnerables, os menores de idade informando das consecuencias de algúns comportamentos que poden afectar a súa saúde

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DA GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

- Aprobar unha ordenanza de convivencia en espazos públicos.

- Deixar operativo o posto da policía local as noites dos sábados e aquelas onde se celebren festas populares. A idea é que cando un cidadán chame, alguén colla o teléfono.

- Acender as luces da Alameda nas noites dos sábados para disuadir o botellón. Téñase en conta que é un espazo libre de botellón e iso hai que respectalo para que os veciños poidan descansar tranquilos.

- Crear xornadas de ocio alternativo, onde profesionais formen á xuventude, e os doten de recursos para dinamizar os momentos onde se xunten para relacionarse, facendo que o alcohol non sexa un fin, senón un último recurso (consumido con moderación) como medio para establecer as súas relacións sociais.

- Crear talleres de familia onde se doten aos pais de ferramentas para inculcar aos seus fillos valores coma o respecto e civismo. Non vale cargar de responsabilidade aos docentes dos centros de ensino, os pais son eles.

- Crear unha partida orzamentaria para dotar de recursos e levar á práctica esa dinamización de ocio alternativo mencionado antes.

DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que o primeiro que habería que facer é preguntarse se o botellón é legal. Di que esta moción mezcla moitos aspectos: venda de alcohol, descanso dos veciños...Recorda que houbo unha época na que se prohibiu o botellón na Alameda; esa época foi a peor en canto as molestias que causaban ós veciños. Cre que o problema do botellón é de educación. No que respecta á venda de alcohol a menores xa está regulado nunha lei e terán que ser as autoridades de Sanidade quen o persiga. Non hai policía Local suficiente para cubrir o servizo de noite.

O sr. Rodríguez Fariñas cre que hai moita hipocresía xa que o alcohol é unha droga que se permite socialmente. Os eventos sociais celébranse case sempre con alcohol. O problema do botellón na Guarda foise trasladando por varias zonas. Hai que estudar se a creación dunha ordenanza vai servir para algo. Cre que a solución non pasa por aprobar esta moción, nin por dar charlas, senón que pasa por un traballo dos pais. Recorda que tamén hai que ver cales son as causas que xeneran o alcoholismo en persoas de 50 e 60 anos.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O sr. Lomba Alonso cre que se trata dunha moción moi complexa técnica e socialmente. Di que o problema non é sacar o botellón da Alameda, o problema é a onde o levas ou incluso se é posible sacalo, porque non podes impedir a ningúnen estar nun lugar. Pensa que o problema do botellón é un problema de educación. Di que non hai que cargar esta responsabilidade sobre o Concello, aínda que cre que é labor do Concello fomentar actividades alternativas para evitar o alcoholismo, a drogadicción ou incluso o abuso de internet. Di que esta moción pode enfrentar a veciños. Recorda tamén que o BNG trouxo unha moción para cubrir as prazas da Policía Local para cubrir o servizo de noite, non exclusivamente para o botellón. Remata dicindo que o problema do botellón é un problema social que non se soluciona cunha moción e que o BNG da Guarda solidarízase en todo caso con aquelas persoas que o están pasando mal polas molestias que lle xenera esta cuestión.

O sr. Español Otero di que non comprende a resposta que lle deu a Guardia Civil á veciña que se di na mocion. Cre que o goberno do Partido Popular no Estado foi moi blando na lexislación sobre o botellón. Di que este problema non se soluciona coa aprobación dunha ordenanza municipal nin coa dotación de dúas prazas máis de Policía Local. Insiste en que este problema é de educación. É consciente dos problemas que xenera o botellón pero que non se vai resolver coa aprobación dunha ordenanza. Cre que a Subdelegación do Goberno ten responsabilidade tamén neste asunto; noutros lugares envía dotación policial con carácter disuasorio. Xa existe a Lei de Seguridade Cidadán para atallar este problema sen necesidade de aprobar unha ordenanza.

A sra. Ortega Martinez le parte da ordenanza de Tui.

O sr. Rodriguez Fariñas di que hai e houbo unha deixadez permanente da corporación municipal da Guarda neste tema.

A sra. Iglesias Ferreira di que, trala lectura da ordenanza de Tui, parece que a partir de certa distancia xa se pode facer calquera cousa. En definitiva, nesta moción se traen moitas cousas e moi complicadas.

O sr. Lomba Alonso reitera que esta moción é moi complicada socialmente e pode acabar enfrentando ó veciños. Lle parece mezquino o último comentario da portavoz do PP no sentido de “xa sabía que non me ían apoiar”. Pide prudencia con este tema.

A sra. Ortega Martinez sinala que o que quería dicir é que xa trouxera esta moción un ano atrás e que supoñía que o resultado sería o mesmo que naquel entón. Respecto do título da ordenanza di que é copiado literalmente da ordenanza de Tui.

O sr. Alcalde di que está en contra de que se moleste á xente no seu descanso. Di que non poden votar a favor da moción porque, aínda que se aprrobe, non é realizable cos medios que ten o Concello.

VOTACIÓN

Sometida a votación esta moción obtén o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR (5) : Sres./as Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez.

VOTOS EN CONTRA (6): Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Álvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González e, Vicente Baz



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ABSTENCIÓNS (5): Sres/as, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodriguez Fariñas e Iglesias Ferreira

- **R.E. Nº 7.302 do PP- Moción para a mellora do firme no acceso e parcadoiro dende a baixada ó Pasaxe e o tanatorio de A Guarda.**

A sra. Ortega Martinez da conta da seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todos coñecemos a explanada o acceso ao cemiterio e ao tanatorio. E sabemos a razón pola que as veces acudimos a ese lugar. E sabemos ademais do estado no que se atopa actualmente o chan, cheo de badéns e fochancas.

Se é un problema para os que acoden en coche, máis encordio supón para os peóns que pasan por alí, que na súa inmensa maioría son persoas maiores. De feito os primeiros que se acercaron a nos para que fixeramos a petición, foron persoas que asisten a diario o cemiterio de forma peonil, e teñen ata sufrido feridas nas pernas ao pasar os coches, xa que saltan as pedras polo mal estado.

Queremos transmitir o noso malestar e o do resto dos cidadáns que acudan a visitar aos seus familiares e amigos ao cemiterio e ao tanatorio, polo mal estado do pavimento existente nesa explanada.

Ademais moita xente de fora que ven os enterros nos comenta tamén o mal estado do pavimento.

Somos coñecedores de que non é titularidade municipal, pero tamén somos coñecedores que todos os guardeses nalgún momento transitamos en coche ou a pé, por este acceso. Polo que consideramos que de forma bilateral entre os propietarios e o Concello se podería chegar a un convenio para arranxar este acceso tan transitado, polo ben de todos os veciños, os que acudan o tanatorio, o cemiterio relixioso ou o civil.

Sabemos que no pasado o Concello arranxou esta vía de acceso en varias ocasións,

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DA GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

Que o concello de A Guarda acorde cás autoridades eclesiásticas pertinentes o arranxo desta vía e no prazo máis breve posible, proceda á reparación e mellora do firme de dita explanada, co fin de que os que acudan ao cemiterio relixioso e civil, e ao tanatorio podan facelo con comodidade e seguridade.

DEBATE:

A sra. Iglesias Ferreira di que se trata dunha propiedade privada e cre que o Concello non ten que arranxar algo privado, aínda que pode chegar a un entendemento coa propiedade.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O sr. Rodriguez Fariñas di que o Concello nalgunha ocasión arranxou ese treito. Cre que a entidade privada (Iglesia) obtén beneficios pola actividade que alí realiza e é decisión do goberno municipal acceder o non a facer os arranxos que son responsabilidade do propietario. Di que tamén se podería chegar a unha cesión da rúa ó Concello. Cre que o Concello debería medir igual a todos os veciños e se a uns lle obriga a conservar en bo estado as súas fincas debe facer o mesmo cos donos deste terreo. Di que a moción pide por un lado o arranxo do firme e por outro chegar a un acordo; non concorda a exposición coa súa parte resolutiva.

O sr. Lomba Alonso di tamén que é moi diferente o que se dí no título ó que se pide na parte resolutiva. Manifesta que o BNG estaría disposto a apoiar a moción sempre e cando a igrexa ceda os terreos ó Concello. Di que a tódolos veciños se lle esixe que manteñan en boas condicións as súas fincas e con este propietario debe facerse o mesmo. Remata dicindo que se se aproba esta moción estase sentando un mal precedente.

O sr. Español Otero di que é evidente que o entorno do tanatorio está en mal estado. Empezáronse a facer xestións cos titulares dos terreos e debe seguirse nese camiño para lograr a súa cesión. Para poder facer unha actuación integral hai que elaborar un proxecto, e para poder obter unha subvención coa que executalo é necesario xustificar a titularidade. Remata dicindo que é posible que as xestións non houbera que facelas só coa Igrexa xa que alí había un camiño.

VOTACIÓN

Sometida a votación esta moción obtén o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR (5) : Sres./as Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez.

VOTOS EN CONTRA (11): Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodriguez Fariñas e Iglesias Ferreira

- **R.E. Nº 7.303 do PP- Moción de apoio ós tripulantes guardeses de palangre de superficie para o coeficiente reductor do 0,40.**

A sra. Ortega Martinez da conta da seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Guarda, entres os anos 80 e 90 prodúcese o auxe da frota palangreira que hoxe coñecemos, frota que foi evolucionando da baixura á costa galega, á costa portuguesa, Marrocos e finalmente a Augas internacionais, a frota palangreira de superficie. No momento da renovación desta frota, nos anos 90 sobre todo, neses anos inscribíense en Marina Mercante, e só 3 barcos, dos que están en activo agora (segundo datos remitidos polo ISM), están inscritos en Marina mercante como conxeladores, cando nese tempo xa había bastantes mais. Na actualidade podemos dicir que a frota palangreira de A Guarda é conxeladora. Como exemplo, un barco construído no 2004, conxelador, traballa a mais de 20 días de Vigo no Atlántico sur, e mais de 4 meses sen tocar Porto algún, pero na súa inscrición non figura como conxelador, cando o é sen dúbida algunha, senón como Palangreiro, dende sempre, dende o 2004.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A primeira regulación dos coeficientes ven do ano 1969, e foi modificada ultimamente nos anos 2004 e posteriormente no 2007, que é a que está en vigor. O Real Decreto 1311/2007, de 5 outubro establecía novos criterios para determinar a pensión de xubilación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, dun modelo instaurado nos anos 70 para a Mariña Mercante que se baseaba en aplicar un coeficiente redutor na idade de xubilación. Pero neste real decreto aparecen, balleneros, arrastreros, bacaladeros etc.. pero non aparece a palabra palangre de Superficie, que nós reivindicamos.

Cando entre o ano 2004 e 2007, se producen modificacións, tentou a patronal e sindicatos con reunións e peticións a Marina Mercante e ao Instituto Social da Marina, que os coeficientes redutores inclúsen aos palangreiros conxeladores, unha das flotas, senón a máis, que traballa mais lonxe de terra e máis días botan fora de casa e por tanto cumpren o espírito dos coeficientes ven explicado no real decreto: "Estes coeficientes redutores establecéronse para compensar "aquellas actividades profesionales de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, peligrosa o insalubre en las que se acusen elevados índices de morbilidad o siniestralidad, así como en aquellas otras cuya realización implique una continua separación familiar y alejamiento del hogar", tal e como se expón no primeiro parágrafo da exposición de motivos do citado Real Decreto 1311/2007.

A situación polo tanto seguía igual, os barcos con subtipo conxelador, que eran 3 na Guarda, tiñan coeficiente redutor de 0,40, os que tiñan subtipo de Palangreiro, o coeficiente era 0,30 ou o 0,25 segundo o tonelaxe. Todos estes anos houbo xubilacións de tripulante co 0,30 ou o 0,25 polo tanto, o cal non quere dicir que fora xusto, pero que en ese sentido non houbo modificación algunha só para tres barcos.

O pasado ano, o Goberno español (Dirección da Mariña Mercante, dependente do Ministerio de Fomento), a través dunha orde interna, modificou a aplicación destes coeficientes, de xeito que agora unicamente considera buques "conxeladores" aquelas embarcacións que teñan una eslora de máis de 70 m e capacidade superior ás 1.000 TRB. O resto, dadas as súas menores dimensións, pasan a ser considerados buques "fresqueiros" sen teren en conta nin a actividade, nin a zona de pesca, nin as condicións de vida a bordo, aplicándose unha rebaixa no coeficiente de 0,40 ao 0,25-0,35, o que evidencia un descoñecemento por parte deste departamento de "secano", pois a nosa frota faena no Índico, Pacífico, Atlántico Sul, Atlántico Norte. Esta orden afectou a 3 barcos que pasaron na súa folla de asento de pór CONXELADOR no subtipo a pór PALANGRE.

A Consellería alertada polas asociacións dende fai case un ano, tivo varias reunións co Goberno Central dende febreiro, para abordar a problemática dos tripulantes galegos, e deste cambio de subtipo de barco. A última reunión produciuse o 18 de outubro. Posteriormente, o día 20/10/2016 tivo lugar unha reunión entre Instituto social de La Marina, Marina Mercante, Pesca, patronal e sindicatos, na que abogaron para que este tremendo erro sexa corrixido, e eses barcos volvan ao seu estado pasado. Pero aínda que son 50 galegos de varias artes, de A Guarda son 3 palangreiros, dos cales 1 din que xa non está no censo. Achegamos o listado dos barcos para os cales se solucionou. Na Guarda soluciónase o problema a 3 barcos, cando hai moitos mais. De aquí a nosa moción, isto foi un avance pero soluciona a outras flotas e a tres barcos de A Guarda, só tres barcos.

A nosa moción, seguindo a nosas intencións neste pleno manifestada moitas veces, refírese



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

os barcos palangreiro de A Guarda. Alegrámonos que outros segmentos de frota arranxaran o asunto, 50 en Galicia e 67 en total en España, pero esa non é neste pleno a nosa preocupación, a nosa preocupación é que os mariñeiros guardeses en palangreiros teñan por fin coeficientes acorde con unha frota que se converteu en Conxeladora, son palangreiros conxeladores, como se pode demostrar de todas as formas posibles, certificados de instalación frigorífica, zona e tempo de pesca etc.... por tanto teñen dereito a ter 0,40 de coeficiente redutor.

Nesa reunión mencionada se fala que a clasificación dos barcos, vai a vir regulada por Europa en breve, no ano 2017. Pensan esperar a que ese regulamento nos solucione o problema, o cal parécenos que ten dúas incertezas: a) que pasa no período hasta que entre en vigor o regulamento europeo e b) que pasa se os barcos de menos de 150 TRB (moitos dos guardeses) non son considerados conxeladores. A negociación dun regulamento en Europa, cando hai países que nin pescan, e moi incerta, o sabe ben a frota palangreira por experiencia, por exemplo o dano que fixo a entrada en vigor do regulamento do finning das aletas. Deixar totalas cartas para solucionar este problema, a este regulamento nos parece un pouco arriscado, pensamos que a lexislación nacional pode previr o que ese regulamento poida dicir.

O día 08/11/2016 reuniuse tamén o Consello Galego de Pesca, debatendo no punto 4 este asunto, no que quedou de manifesto que o sector, sindicatos e a propia consellería vai seguir reclamando este coeficiente para palangreiros conxeladores.

Nós vamos a propor unha solución, aínda que nos valen outras, porque o importante é que se lle recoñeza ás tripulacións de palangreiros o traballo lonxe do seu fogar durante meses, lonxe dos servizos que pagan cos seus impostos pero que non poden aproveitar, das dificultades do seu traballo, etc, se lle recoñeza, concedéndolle a xubilación anticipadamente co coeficiente do 0,40. O facemos porque desconfiamos desa nova lexislación europea, xa que moitos barcos de A Guarda son de menos de 150 TRB, conxeladores, e si despois esta lexislación di que que so os barcos de mais de 250 trb son conxeladores por exemplo, os barcos de A Guarda se quedan fora.

Achegamos a listaxe de buques que se devolveron ao seu subtipo de barco orixinal, achegamos folla de asento dun palangreiro guardés, pero que é igual para moitos outros.

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DA GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

1.-Que este pleno manifeste apoio a tódolos mariñeiros guardeses nos barcos de palangre de superficie, que deben ser considerados tripulacións de conxeladores, como realmente o son, e por tanto en calquera das solucións posibles, ter un coeficiente redutor de 0,40 para a súa xubilación.

2.-Instar ao Ministerio de Emprego a modificación do Real Decreto 1311/2007 de 05/10 no seu artigo 1.b.1 para que os palangreiros de superficie, sexan incluídos no punto 1.

Redacción actual: "1.b.1^º congeladores, bacaladeros y parejas bacaladeros,



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

balleneros 0,40"

Redacción alternativa

*1.b.1º "Congeladores, bacaladeros y parejas bacaladeros, **palangreros de superficie** congeladores, balleneros, 0,40"*

3.- Traslado do presente acordo ao Ministerio de Empleo, ao INSTITUTO SOCIAL DE LA MARINA, á DIRECCION GENERAL DE LA MARINA MERCANTE e á SECRETARIA GENERAL DEL MAR.

DEBATE:

O sr. Rodriguez Fariñas pide que tamén se extenda a reivindicación ós pescadores do resto do estado español.

O sr. Baz Vicente cre que esta moción xa está aprobada cando se aprobou a moción do BNG. Lle di á portavoz do Partido Popular que o mar non acaba na costa do Coruto, por eso hai que defender a todos os mariñeiros. Di que se lle vota a culpa a Europa cando a norma interna da marina mercante é anterior. Cre que a redacción está mal xa que hai apoiar a todo o sector pesqueiro de Galiza e non só ós guardeses.

A sra. Ortega Martinez di que cambia "guardeses" por "galegos".

O sr. Alcalde di que o importante é que se resolva este problema e se recoñeza o traballo do mar.

VOTACIÓN:

Sométese á moción á votación sendo aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes:** Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Ortega Martínez, Castro Martínez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez VAzquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**16 votos a favor**).

PUNTO 9.- ROGOS E PREGUNTAS

Rogos e preguntas da sra. Iglesias Ferreira

1.- Di que pediu a reparación das graves deficiencias no entorno do Muiño de Abaixo con data 9 de novembro facéndose eco das queixas dos veciños (electricidade das farolas, beirarrúas, papeleiras...)

2.- Pide que se coloquen papeleiras no Centro Cultural.

3.- Anuncia que ten pendiente de presentar unha moción sobre a rúa Cal para o pleno seguinte.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

- 4.- Comunica que as portas dos cadros eléctricos da Alameda están moitas veces abertas.
- 5.- Dado que agora o Concello non abre os sábados, pide que se busque a maneira de poder facilitarlle a documentación para os plenos.

Rogos e preguntas do Sr. Rodríguez Fariñas

- 1.- Pide que, xa que se aprobou un novo regulamento de lixo, se predique co exemplo, amosando unha foto no seu móbil na que aparece a marquesiña de San Roque con carteis do magosto socialista.
- 2.- Pregunta en que situación se atopa a transferencia do Centro de Saúde.
- 3.- Pregunta cando se van a licitar os postos vacantes da Praza de Abastos.
- 4.- Pregunta en qué situación se atopa o expediente de cobro das débedas á persoa que xestionaba a cafetería da Estación Marítima.
- 5.- Felicita a Sr. Iglesias Ferreira polas fotografías feitas sobre o Muiño de Abaixo recordando que se chama Muiño de Mazaracos.
- 6.- Di que os que estiveron facendo as instalacións de R na zona da Sangriña e de Manuel Rodríguez Sinde aínda non pagaron a licenza de obras. Di que nunha das solicitudes de obra reflexaron un prezo falso de 1.150 euros
- 7.- Volve reivindicar ós seus escritos sobre a RPT e sobre o calendario de vacacións.
- 8.- Pregunta como van cumprir os funcionario municipais os horarios trala entrada en vigor da Lei 39/2015.
- 9.- Reclama a solicitude de acceso ó proxecto da rampa mecánica.
- 10.- Pide unha relación e un informe técnico e xurídico das reclamacións de responsabilidade patrimonial do Concello. Di que as persoas que reclamaron poden perder o dereito a cobrar, facendo responsable directamente da súa situación ó secretario acctal.
- 11.- Pide acceder ós expedientes de mellora e ampliación dos parques da Alameda e San Lorenzo.
- 12.- Respecto do mobiliario da Casa dos Alonsos quere saber en que situación está.
- 13.- Di que se está incumplindo o Decreto 740/2016 e quere sabe se vai iniciar algún expediente sancionador contra o banco.
- 14.- Di que o Concello foi moi rápido en pagar a factura do arranxo do Camiño de Cividáns sen ter en conta as súas deficiencias denunciadas polo BNG.
- 15.- Di que ten que haber unha ordenanza de Emerxencia Social para que non quede ó “libre albedrío”.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- 16.- Quere saber cales foron os 6 días que estivo ocupada a carpa do porto.
- 17.- Pide acceso ó expediente da Festa da Lagosta e do Peixe Espada.
- 18.- Di que hai máis empresas que poidan facer vallas de publicidade ó marxe de Publicidade Oia á que o Concello non lle aplica a ordenanza reguladora e non lle cobra.
- 19.- Quere saber que pasou coa empresa DARLIM que se presentou á licitación do subministro de varredora e que houbo que remitir o expediente o Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais.
- 20.- Di que os convenios que o Concello asina coa Deputación ou coa Xunta de Galicia teñen que pasar polo Pleno.
- 21.- Di que está entrando documentación por vía electrónica que os grupos da oposición non teñen dereito a mirala.

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG

- 1.- Pregunta en qué consiste o proxecto recunchos urbanos.

O sr. Alcalde contesta que o que se pretende é a rehabilitación de espazos urbanos.

- 2.- Cren que o Camiño de Cividáns necesita unha nova actuación porque a que se fixo é deficitaria.

O sr. Español Otero di que esa obra se fixo con cargo ó Plan Marco e este plan ten uns condicionantes; eses condicionantes obrigaban a manter as circunstancias propias do camiño e se fixo de acordo co sinalado polos técnicos. Cre que a actuación feita alí foi un acerto e que sería un erro poñer unha capa de asfalto.

O sr. Baz Vicente aclara que o BNG non pedía asfalto.

- 3.- Manifesta que a pegada dos carteis do magosto socialista nunha marquesiña ven a evidenciar a necesidade de dotar ó municipio de espazos públicos para información social, tal e como defendera o BNG no debate do Regulamento do lixo.

Rogos e preguntas da Sra. Martinez Vazquez.

- 1.-Recorda que hai dous meses xa pediu en pleno que se cortara o silveiro da Transversal Levada e sigue igual.

- 2.- Recorda tamén o tema do muro de Saa e a petición de sinal que indique que o camiño é moi estreito

ROGOS E PREGUNTAS DO PARTIDO POPULAR

A sra. Ortega Martinez fai as seguintes preguntas:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

1.- Para cando a ultima fase da rúa da cal? Hai unha moción dun grupo que obtivo representación neste concello, e cre que por respecto se merece polo menos unha resposta polo grupo de Goberno.

O sr. Español Otero contesta que a persoa que presentou esa moción xa se reuniu sobre este tema co Concelleiro de Vías e Obra e máis co Alcalde e se lle deron todas as explicacións. Se lle dixo que o Equipo de Goberno é consciente da necesidade de realizar esa actuación. Tamén se presentou no Concello cun grupo de veciños e se lle volveu explicar o mesmo.

2.- Mañá hai un acto de turismo no Trega; porque non sabemos nada a oposición?. Me podería dicir en que consiste o acto, se ten algún custo e a quen se invitou?

O sr. Crespo Gonzalez di que a información que ten el é que ven Mario Crecente a impartir unha clase ós seus alumnos e tamén visitará Mergelina.

3.- No pleno pasado aprobamos unha moción para colaborar con Asociación de familiares y enfermos Alzhéimer, me gustaría saber si houbo reunión tal como se acordou ca asociación, e que acordos se tomaron.

Di que si houbo unha reunión de traballo cun representante da asociación na que se lles amosou un catálogo dos seus servizos. En todo caso di que incomoda este tipo de proceder.

4.- Fai un ano tres meses e 25 días, aprobamos unha moción para cobrar os servizos do Ges ós seguros; hai algún avance?

O sr. Español Otero di que esta pregunta lla debería facer á Interventora. El reclama esta ordenanza cada semana.

5.- Aprobamos unha ordenanza de emerxencia social, como en Tui, que xa está publicada no BOP. Aquí nos dixeron no seu momento que estaban traballando, que estaba case preparada, pero pasan meses e meses, e virán reparos xa que o non existir ordenanza hai que ir a Lei de Subvencións, inaplicable para casos de emerxencia.

6.- A rebaixa do IBI que propuxemos, cando se presenta?

A sra. Magallanes Alvarez di que están priorizando asuntos e este tema non se puido facer.

7.- Porque os caramelos da cabalgata de Reis se contratan cunha empresa de Ourense?

8.- Que pasa co cumprimento da sentenza sobre accesibilidade no Baixo Muro, estase á espera dunha subvención?

O Alcalde contesta que o Concello foi pedir axuda á Xunta de Galicia e lle dixeron que podería optar a axuda por concurrencia competitiva e que a el lle gustaría firmar un convenio para elo.

A sra. Ortega Martinez di que cos custos dos recursos xa se houbera solucionado o



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

cumprimento da primeira sentenza. Se non se recibe subvención non se vai executar a obra?

O Alcalde di que non o sabe, que se está en fase de executar os orzamentos, pero quere deixar claro que non é posible realizar todas as actuacións que se pretenden.

9.- Nalgunha ocasión se tapou a fonte estanque da Alameda por seguridade. Por qué non se soluciona o problema de forma definitiva? Seguramente non foi boa idea nun lugar de lecer dos nenos por unha fonte, nin foron moi boas ideas outras a pizarra, etc... pero agora nos somos constructivos ca única obra importante do Goberno socialista grazas o famoso plan ZP., e pensamos que hai que arranxar os defectos. Lamentarse xa non ten motivo de ser, agora hai que ver cara adiante.

O sr. Español Otero di que se tapa con madeira na Festa do Monte.

10.- As nais, aboas nos falan dun parque doutras dimensións na Guarda, xa que aínda que se faga a ampliación na Alameda, non son suficientes para afluencia de nenos. Nos gustaría saber si se estudiou para o futuro plan xeral unha zona recreativa similar a de Pias para a Guarda.

O sr. Español Otero di que se vai facer unha ampliación e mellora na Alameda. Xa está en fase de adxudicación.

11.- se comprobou si os pasos de peons elevados cumpren a normativa en canto a sinalización e altura? Polo menos os da Gándara non.

O sr. Español Otero di que sobre os pasos de peóns habería de preguntarlle á Xunta de Galicia xa que os colocaron eles.

12.- Que pasa con la proposta aprobada de crear mesa de Turismo?

13.- Xa hai informe sobre a Wifi; se vai a facer algo por mellorar o servizo público? recordamos que non todo o mundo pode pagar un servizo privado.

O Alcalde lle pide que lea detidamente o informe

ROGOS

1. Na rúa Enrique Maria Sexto, no número 1, para acceder ó edificio hai dificultades porque cando se arranxou a beirarrúa, se deixou moi alto o acceso, rogo reunión cos propietarios do edificio para tratar de atopar unha solución de accesibilidade dende a beirarrúa o edificio.
2. A papeleira do Cruceiro Pinto, segue sen cambiar. Pide que se cambie.
3. Roga por segunda vez que se limpe a fonte da Praza de Salcidos.
4. Rogo pavimenten os baches da rúa Os Casás, e que arranxen a rexa da auga que cada vez que chove se inunda a rúa.
5. Instar a quen lle corresponda que poña un espello no cruce entre a subida da Cetárea e o carril Bici, na estrada.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

6. Roga o arranxo da farola caída na rúa Rosal, na urbanización do Muño.
7. Roga un repaso ós espellos nos cruces das rúas, xa que en algún por deterioro non se visualiza nada.
8. Roga tamén un repaso ós sinais de tráfico e instar a que se repoñan as que non son municipais.
9. Na senda azul, xa hai problemas cas arquetas por debaixo de Solanas.
10. A barandilla de Circunvalación necesita reforzo
11. Roga que insten á Entidade Local Menor a retirar os sacos de broza da limpeza dos camiños, cerca do cemiterio.
12. Instar a quen corresponda, senon é competencia do Concello, a que se arranxen os socavóns ó lado do Codesal, no antigo campo de fútbol.
13. Roga que se inste a quen corresponda ó arranxo da obra do novo paseo nas inmediacións do Codesal, porque a agua xa se cola por debaixo do paseo.
14. Nas docas do Codesal, onde está o parque de ximnasia, que se limpe a maleza para poder usalo.
15. Na rua Irmáns Galdó, que se limpe a maleza nas beirarrúas.
16. Roga un maior control do tráfico na Avenida de Galicia, xa que é habitual ver coches aparcados impedindo a circulación.
17. Roga que inste á Entidade Local Menor de Camposancos, a que arranxen o que cren que é unha avaría no barrio de Saa, que está sinalizada en precario con conos.
18. No Castro, enfrente da fonte hai unha farola cuberta con hedra, sabemos que lles encanta a Magallanes como o dinoseto de Camposancos. Rogamos unha vez máis limpen as dúas.
19. Roga que se reparen as de madeira dende o Codesal ata a Armona, xa que están en mal estado.
20. Grieta no muro da ponte ó lado da igrexa de Camposancos.
21. Reposición de espellos en Camposancos, no Couto, e na carretera de Camposancos nº 78
22. Roga que desraticen a parada de bus, do barrio de Saa, polas continuas queixas dos pais, que van a deixar os fillos para o colexio.
23. Roga que se repoñan cristais na marquesina de donantes de Sangre.
24. Como sempre recordar que na Primeira Transversal de Salgueiró en Camposancos fai falla unha capa de cemento.

ROGOS E PREGUNTAS DO SR. ESPAÑOL OTERO

Pregúntalle ó concelleiro Sr. Rodríguez Fariñas se sabe qué pasou cos columpios que había na área recreativa das Loucenzas.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

O sr. Rodriguez Fariñas di que xa lle dixeron á Guardia Civil ó que había que decirlle despois da denuncia do Sr. Español Otero.

O sr. Español Otero roga a quen retirou os columpios que os devolva xa que son propiedade do Concello e que se ten que facer algunha demanda sobre a propiedade dos bens lle roga que utilice os cauces legais para elo.

Sendo as 01:30 minutos do día 26 de novembro de 2016 o Sr. Alcalde da por rematada a sesión da que eu como secretario dou fe.